

A sinatura científica, a filiación e os identificadores persoais


O uso de formas diferentes no nome persoal ou no nome da institución na sinatura das publicacións ten consecuencias relevantes no proceso de comunicación científica: erros na atribución de autorías, inadecuada recuperación da información, perda de visibilidade do traballo de investigación de autores/as e institucións, e dificultade para analizar as publicacións científicas empregando indicadores bibliométricos.

Alén disto, o feito de que unha institución non estea correctamente identificada en todas as súas publicacións repercute na súa presenza nos rankings internacionais e na súa reputación en convocatorias e avaliacións ante outras organizacións.

Neste boletín ofrecemos algunhas pautas para converter a sinatura científica nun elemento que permita a correcta identificación das publicacións da Universidade de Vigo e os seus centros de investigación.

Documentos da Universidade de Vigo e os seus centros de investigación

Web of Science 2015-2019



Para que poidamos recuperar e analizar as publicacións da Universidade de Vigo e os seus centros de investigación nas bases de datos bibliográficas:

- inclúe sempre o nome da Universidade de Vigo na túa filiación cando asines publicacións e traballos científicos e artísticos
- se formas parte dun centro de investigación da universidade (CINBIO, CIM, atlanTTic, CINTECX) ou dunha agrupación estratéxica (ECOBAS, CITACA) inclúe sempre o seu nome na filiación
- utiliza o correo electrónico da Universidade de Vigo
- se estás vinculado/a a máis de unha institución ou te atopas nunha estadía noutra institución, inclúe sempre a filiación da Universidade de Vigo, ademais da outra ou outras institucións

Perfil dunha investigadora da Universidade de Vigo en Scopus

Documents by author

304

Total citations

8205

by 5675 documents

h-index

47



Para facilitar a recuperación e análise das túas publicacións nas bases de datos bibliográficas e obter indicadores bibliométricos correctos:

- asina as publicacións científicas usando sempre o mesmo nome
- escolle a forma máis axeitada para unha correcta identificación nas bases de datos bibliográficas e emprega esa forma para todos os teus perfís profesionais
- utiliza sempre o teu identificador ORCID
- mantén actualizado o teu perfil ORCID e inclúe periodicamente as novas publicacións
- asegúrate de que as túas publicacións están correctamente identificadas nas bases de datos: en WOS cos teus números ResearcherID e ORCID, e en Scopus co teu número Author ID
- crea e mantén un perfil en Google Académico
- crea e mantén todos os teus perfís co correo electrónico da Universidade de Vigo

Sabías que...?

Os centros de investigación da Universidade de Vigo están identificados cun perfil institucional propio nas bases de datos Web of Science (WOS) e Scopus.

Nesas dúas bases de datos podemos localizar as publicacións producidas polo persoal investigador de cada centro e analizar esas publicacións mediante indicadores bibliométricos. Iso sempre que as publicacións inclúan o nome do centro na sinatura científica.

Atoparás máis información nas guías da biblioteca:
 - [Normalización da firma](#)
 - [Perfil investigador](#)
 - [Autoría](#)

Contacta con nós para resolver dúbidas e obter máis información:

Área de Servizos Bibliométricos
bibliometria@uvigo.gal